



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 12 DE XULLO DE 2016.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as oito horas e quince minutos do día doce de xullo de dous mil dezaseis, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- **D^a. Montserrat Magallanes Alvarez**
- **D. Paulino Rodríguez Gonzalez**
- **D^a. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo Gonzalez**

Non asiste o Sr. Español Otero.

Asiste como Secretaria a do Concello D^a. Julia M^a. Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 28.06.2016)

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer á acta correspondente á sesión celebrada o pasado día 28 de xuño de 2016 ó que responden negativamente os concelleiros presentes na mesma, polo que a referida acta foi aprobada pola unanimidade dos presentes nela.

PUNTO 2.- INSTANCIAS

Lese o escrito RE 4.130 de data 29 de xuño de 2016, presentado por D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE - VOCEIRO DO BNG DA GUARDA, solicitando a limpeza do camiño que vai dende a capela de San Caetano ata a fonte de Santa Catalina.

A Xunta de Goberno Local sinala que xa está feito.

Lese o escrito RE 4.186 de data 1 de xullo de 2016, presentado por D. Celso Juan Rodríguez Fariñas, en calidade de secretario da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Guarda, representando a esta Comunidade e as de Salcidos e Camposancos, no que informa que a II Romería Castrexa vaise desenvolver os días 24 e 25 de xuño de 2017.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 4.185 de data 1 de xullo de 2016, presentado por D. Celso Juan Rodríguez Fariñas, en calidade de secretario da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da Guarda, representando a esta Comunidade e as de Salcidos e Camposancos, no que manifesta o agradecemento pola colaboración prestada polo Concello e polos corpos da Policía Local e de Protección Civil no desenvolvemento da I Romería Castrexa.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lense os escritos RE 4.316 de data 6 de xullo de 2016 e RE 4.392 de data 8 de xullo de 2016, presentados respectivamente por D^a. M^a. Jesús Rodríguez Verde no seu propio nome e por D^a. Mercedes Martínez Vazquez como concelleira do BNG da Guarda, solicitando a substitución do espello sito no cruce da Estrada de Camposancos coa rúa da Baixada á Armona.

A Xunta de Goberno Local sinala que xa está feito.

Lese o escrito RE 4.377 de data 7 de xullo de 2016, presentado por ASOCIACIÓN MERCADO DO RELÓ, con enderezo na rúa Joaquin Alonso, nº 3 da Guarda, solicitando permiso para levar a cabo a campaña “Comercio na rúa” nos meses de xullo e agosto, que conleva cartelería nas farolas e ocupación de espazos diante dos negocios.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.355 de data 7 de xullo de 2016, presentado por D^a. M^a MERCEDES ROMERO MARTINEZ, con enderezo na rúa Laxe Grande, nº 11 da Guarda, solicitando a limpeza do parque de Laxe Grande.

A Xunta de Goberno Local acorda realizar a limpeza do parque a maior brevidade posible.

Lese o escrito RE 4.219 de data 4 de xullo de 2016, presentado por D^a. M^a JESUS GONZALEZ GONZALEZ, con enderezo na rúa Malteses, nº 123 da Guarda, solicitando a colocación dunha rede que impida que os balóns cos que xogan os nenos na cancha de baloncesto do paseo marítimo caigan ó mar.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o equipo de goberno tratará de resolver esta cuestión tan pronto como se dispoña de persoal e recursos.

Lese o escrito RE 4.075 de data 27 de xuño de 2016, presentado por D. ESTEBAN M. FERREIRA CONDE, con enderezo na rúa Diego Antonio Gonzalez, nº 29 da Guarda, solicitando a habilitación de prazas para minusválidos nas praias da Armona e Lamiña.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se está estudando coa Policía Local o lugar máis axeitado para elo.

Lese o escrito RE 4.215 de data 4 de xullo de 2016, presentado por D^a. M^a SAGRARIO CASTRO OCAÑA, con enderezo na Estrada do Castro, nº 37 e actuando en representación de D. CESAR CASTRO RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Baiona, nº 1-1^ºD da Guarda, solicitando a habilitación dunha praza para estacionamento de minusválidos á altura do número 1 da rúa Baiona.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o equipo de goberno estudiará a súa proposta coa Policía Local de A Guarda.

Lese o escrito RE 4.141 de data 30 de xuño de 2016, presentado por D^a. M.P.A.V., con enderezo na Rúa Irmáns Noia Xil, nº 21 da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de agua por familia numerosa para o obxecto tributario Irmáns Noia Xil, nº 21.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2016 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2017 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 4.225 de data 4 de xullo de 2016, presentado por D. JULIO ALVAREZ RODRIGUEZ, con enderezo na rúa Camiño do Agro - Pías - O Cotro, nº 18 do Rosal, solicitando que se tomen as medidas pertinentes en relación co exceso de ruído que orixina a industria Prefabricados Estevez, S.L.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que pasarán a visitar as instalacións.

PUNTO 3.- ACORDOS

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte relación de actos de especial relevancia que se van a levar a cabo no Auditorio de San Bieito, que non foron contemplados na relación aprobada no acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de maio de 2016 acolléndose a excepcionalidade que recolle a Ordenanza Xeral de Ruidos pola cal "...o Concello poderá autorizar unha ampliación determinada de carácter temporal e xustificada, nos niveis máximos no ambiente exterior, en puntos determinados do termo municipal, atendendo a eventos singulares programados tales como celebracións, feiras, festas ou manifestacións, ó mesmo tempo que se darán as ordes precisas para reducir ó máximo as molestias ós cidadáns." Asimesmo acorda notificar este acordo ó Hotel Convento San Benito e poñelo en coñecemento dos veciños mediante un Bando de Alcaldía.

Estes actos son:

- 1.- Actos encadrados dentro da programación das Festas do Monte
 - Día 8 de agosto a partir das 20:00 horas: Pregón e Festival Folclórico.
 - Día 9 de agosto a partir das 20:00 horas: Día do Neno.
 - Día 10 de agosto a partir das 20:00 hora: Festa homenaxe á 3ª Idade.
 - Día 11 de agosto a partir das 20:00 horas: Espectáculo músico teatral "A lingua na boca"
- 2.- Actos encadrados dentro da programación da XIII Festa do Peixe Espada
 - Día 30 de xullo a partir das 20:30 horas: AMFF IN CONCERT FOLCLORE

Lese o escrito RE 4.363 de data 7 de xullo de 2016, presentado por D. JOSE ANTONIO MORALEDA SANTOS, en representación de Asociación Cultural 360 Skateboarding A Guarda, con enderezo a efectos de notificacións na rúa Circunvalación, nº 10-2º da Guarda, solicitando que dende o Concello se tramiten os permisos necesarios para a celebración no Porto da Guarda do evento "California Beat" o día 6 de agosto de 2016. Solicita tamén un cadro eléctrico e un escenario para as actuacións musicais

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar os permisos pertinentes e acceder á solicitude de cadro eléctrico e do escenario pequeno.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Lese o escrito RE 4.310 de data 6 de xullo de 2016, presentado por D. MANUEL CASTRO VICENTE, en representación de ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA O CANCELÓN, solicitando:

- Para o día 06.08.2016.- Corte de rúas para as andainas e carreira populares a partir das 18 horas. Policía Local, Protección Civil e ambulancia.
- Para o día 08.08.2016.- Autorización para dispor do Auditorio de San Bieito para a lectura do pregón da Festa do Monte e a regulación do tráfico para o desfile folclórico. Policía Local, 40 cadeiras e reserva de 6 plazas de estacionamento.
- Para o día 09.08.2016.- Autorización para dispor do Auditorio de San Benito para o Día del Niño. Autorización para a III Andaina Festas do Monte.
- Para o día 10.08.2016.- Colaboración da Policía Local e Protección Civil para a marcha cicloturista, escenario na Praza Avelino Vicente para o ROCK EN FERVENZA e dispor do auditorio de San Bieito para a festa da 3ª Idade.
- Para o día 11.08.2016.- Autorización para dispor do Auditorio de San Benito para o espectáculo A Lingua na Boca.
- Para o día 12.08.2016.-Estadio Municipal para un torneo de futbol.
- Para o día 13.08.2016.- Colaboración da Policia Local para o desfile folclórico.
- Para o día 14.08.2016.- Apoio de costume para as actividades do domingo do Monte.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder o solicitado.

Lese o escrito RE 4.105 de data 28 de xuño de 2016, presentado por D. MIGUEL ALONSO VICENTE, en representación da Comisión Organizadora das Festas da Virxe do Carne, solicitando:

- Que se lles facilite o guindastre municipal e un operario para colocar as bandeiras no porto o día 30 de xuño.
- Instalación de palco municipal o día 15 de xullo para o concerto da banda de música e se deixe instalado ata o día 17 de xullo.
- Que se lles facilite un camión e un chófer para o traslado de cadeiras para a celebración da Santa Misa.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a solicitude, e dar traslado ó operario municipal.

Lese o escrito RE 4.122 de data 29 de xuño de 2016, presentado por DNA. ANGELA RIVEIRO RODRIGUEZ, en representación CENTRO DO-MAJO, con enderezo social na rúa Manuel Alvarez, nº 8 da Guarda, solicitando que se habilite unha zona para o estacionamento de bicicletas ó carón deste negocio.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se estudiará a ubicación máis oportuna.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de XUÑO de 2016 que ascenden á cantidade de 1.331,78 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.

Lese o escrito RE 4.168 de data 1 de xullo de 2016 presentado por D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ MORAIS, en representación da Sociedade Atlética do Trega, con domicilio en rúa Couto, nº 19 da Guarda, solicitando para as carreiras populares do día 6 de agosto:

- Peche total das rúas polas que discorre a proba e conos e vallas.
- Colaboración da Policía Local, Protección Civil e asistencia de ambulancia.
- pavillón da Sangriña.
- Aviso ós veciños afectados polos cortes
- Taboleiro para expoñer os resultados.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, se ben a ambulancia non disporá de médico.

Lese o escrito RE 4.169 de data 1 de xullo de 2016 presentado por D. JOSÉ ANTONIO GONZÁLEZ MORAIS, en representación da Sociedade Atlética do Trega, con domicilio en rúa Couto, nº 19 da Guarda, solicitando para a camiñada popular do día 9 de agosto a colaboración da Policía Local, Protección Civil e asistencia de ambulancia.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder á colaboración da Policía Local e de protección civil pero non á asistencia da ambulancia xa que se entende que para esa actividade non é necesaria.

Dase conta do escrito do asesor xurídico do Concello de data 7 de xullo de 2016 comunicando a sentenza ditada o 9 de xuño de 2016 no recurso de apelación nº 4355/15 establado polo Concello da Guarda e a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística contra a sentenza do 7 de outubro de 2015 ditada polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 661/14 entablado polo Concello de A Guarda contra tres resolucións da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística de 09.09.2014 polas que inadmite o recurso de reposición e o requerimento previo de anulación formulados polo Concello contra anteriores acordos do mesmo órgano polos que se devolve ó Concello tres expedientes de infracción urbanística en base a que as obras non están incluídas dentro do ámbito de delegación de competencias do convenio de adhesión dos concellos a dito organismo, así como contra acordo do consello executivo da APLU de 24.07.2015 no que se interpretou o mesmo.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza que se comunica o 9 de xuño de 2016 e acorda dar traslado da mesma á Oficina Técnica municipal para a súa constancia nos expedientes, que unha vez localizados serán tramitados polo Concello xa que é competencia deste. Acorda tamén que tódolos expedientes de reposición da



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

legalidade urbanísticos e sancionadores por realización de obras infractoras que estean sometidas a comunicación previa sexan tramitados polo Concello por ser da súa competencia. Por outra banda, a Xunta de Goberno Local acorda establecer conversas coa APLU para unha posible modificación do Convenio de delegación de competencias suscrito co Concello da Guarda pola que se inclua en dito convenio as obras obxecto de comunicación previa ubicadas nas clases de solo ós que fai referencia o convenio.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 30 de maio de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. S.M.G.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 30 de maio de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. M^a.N.R.A.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 30 de maio de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a R.R.A.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 28 de xuño de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D^a. M^a.J.F.V.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

Dase conta do informe da Traballadora Social do Concello de data 24 de maio de 2016 relativo á alta no Servizo de Axuda no Fogar de D. A.M.M..

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a dita alta por libre concurrencia.

PUNTO 4.- ASUNTOS URBANISTICOS

4.1.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:

EXPEDIENTE: 407/2015.- D. FRANCISCO DOMINGUEZ GIL, PARA RENOVACIÓN DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA, ALICATADO E SOLADO DE COCIÑA NUNHAS SUPERFICIES DE 19,70 M². E 7,50 M²., E ALICATADO E SOLADO DE BAÑO NUNHAS SUPERFICIES DE 12,00 M². E 4,00 M², SUBSTITUCIÓN DE PARTE DE ENTABLADO DE PISO NUNHA SUPERFICIE DE 23,00 M², E REALIZACIÓN DA CONEXIÓN A REDE DE SUMIDOIROS PARA ELIMINAR POZO NEGRO, DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA 1^º TRV. MALTESES N^º. 8, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N^º. 5 DO P.X.O.U.).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

EXPEDIENTE: 534/2016.- D^a. SUSANA MARTINEZ GONZALEZ, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 91,33 M² CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA E SUBSTITUÍLA POR CHAPAS DE FIBROCEMENTO ATORNILLADAS A POSTES DE FORMIGÓN EXISTENTES E COLOCACIÓN DE TELLA CERÁMICA CURVA, E INSTALACIÓN DE TRES VENTÁS VELUX; APLICACIÓN DE COTETERM DE 4 CMS. DE ESPESOR EN FACHADAS NUNHA SUPERFICIE DE 180,00 M² DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA MALTESES, Nº 60, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº 5 DO P.X.O.U.)

EXPEDIENTE: 976/2016.- D. LORENZO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, PARA “PINTADO EXTERIOR DE FACHADAS E ACONDICIONAMENTO DE ALMACÉN CONSISTENTE EN LUCIDO DE PAREDES E TEITO, PINTADO INTERIOR, COLOCACIÓN DE PAVIMENTO DE GRES E RODAPIE” NA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE CARRETERA CAMPOSANCOS Nº. 43, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.906/2016.- D. JESÚS MARÍA JUAN BENTO, PARA REPARAR A CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 70,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE, COLOCACIÓN DE RASTRELES, CHAPAS DE URALITA GRAN ONDA E TELLA CURVA DO PAIS CON REMATE DE CUMIOS E LIMAS DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE OUTEIRO Nº. 43, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.859/2016.- D. ANTONIO DE ANDRÉS GONZÁLEZ, PARA DIVISIÓN DE 4 TRASTEIROS CON PORTAS NO DESVÁN DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE CONCEPCIÓN ARENAL Nº. 63, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 3.056/2016.- D. FRANCISCO SILVA VILLA, PARA REPARAR PARTE DA CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 56,00 M². CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA EXISTENTE POR ESTAR EN MAL ESTADO, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE A CRUZ Nº. 41, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “SALCIDOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

4.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA

Exp. Nº 1.909/2016 de data 29.03.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D. JIANKANG YE, en representación de 2016 HOGAR, S.L., con enderezo social na rúa de Cachadas, s/n da Guarda, para inicio de actividade de COMERCIO MENOR DE TODA CLASE DE ARTIGOS (Epíg. 662.2) no local sito na rúa As Cachadas, s/n da Guarda, e visto o informe favorable de data 4 de xullo de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a 2016 HOGAR, S.L. licencia municipal nº 10/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE TODA CLASE DE ARTIGOS (Epíg. 662.2) situado na rúa das Cachadas, s/n.



**C O N C E L L O
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)

Exp. Nº 3.952/2016 de data 17.06.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. TAMARA ALVAREZ MARTINEZ, con enderezo no barrio de Couselo, nº 2 do Rosal, para inicio de actividade de CAFÉ-BAR EN QUIOSCOS, CAIXÓNS E BARRACAS (Epíg. 675.1) no quiosco sito na Praia do Muiño, e visto o informe favorable de data 5 de xullo de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a DNA. TAMARA ALVAREZ MARTINEZ licencia municipal nº 11/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ BAR EN QUIOSCOS, CAIXÓNS E BARRACAS (Epíg. 675.1) situado na Praia do Muiño

Exp. Nº 3.953/2016 de data 17.06.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D. JAVIER CASTRO PEREZ, con enderezo na rúa Brasil, nº 8-2ºB da Guarda, para inicio de actividade de CAFÉ-BAR EN QUIOSCOS, CAIXÓNS E BARRACAS (Epíg. 675.1) no quiosco sito na Praia da Lamiña, e visto o informe favorable de data 5 de xullo de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D. JAVIER CASTRO PEREZ licencia municipal nº 12/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de CAFÉ BAR EN QUIOSCOS, CAIXÓNS E BARRACAS (Epíg. 675.1) situado na Praia da Lamiña.

Exp. Nº 3.276/2016 de data 26.05.2016.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. CAROLINA BRAVO GONZALEZ, con enderezo na 3ª Transv. Outeiro - Resbalón, nº 11 da Guarda, para inicio de actividade de PERRUQUERÍA DE DONAS E CABALEIROS (Epíg. 972.1) no local sito na rúa Inguieiros, nº 2-baixo da Guarda, e visto o informe favorable de data 5 de xullo de 2016 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a DNA. CAROLINA BRAVO GONZALEZ licencia municipal nº 13/2016 para a apertura dun local dedicado á actividade de PERRUQUERÍA DE DONAS E CABALEIROS (Epíg. 972.1) situado na rúa Inguieiros, nº 2-baixo.

Sendo as oito horas e cincuenta e oito minutos o sr. Presidente levanta a sesión da que eu como secretaria dou fe.